



Á ATENCIÓN DAS FAMILIAS DO ALUMNADO DE SEXTO CURSO DE EDUCACIÓN PRIMARIA DESTE CENTRO

De acordo co establecido na Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15) pola que se regula o procedemento para admisión do alumnado nos centros sostidos con fondos públicos, e as modificacións publicadas na Orde de 25 de xaneiro de 2017, comunícolles o seguinte:

1. Aos efectos da continuidade de estudos do actual alumnado de sexto curso que promocióne á etapa de educación secundaria obrigatoria, este Centro está adscrito ao **IES David Buján de Sigrás**.
2. A circunstancia de estar este Centro adscrito ao citado IES supón que, no caso de non existir nel prazas suficientes, o noso alumnado ten prioridade de admisión sobre o que proceda doutros centros non adscritos.
3. As familias que no vindeiro curso 2019-2020 desexen que os/as seus/súas fillos/as cursen os estudos no referido instituto deberán **entregar neste colexio, entre o 1 e o 15 de febreiro**, o modelo de solicitude debidamente cuberto que se xunta a este escrito (ED550A, anexo I da Orde do 25 de xaneiro de 2017). Este proceso pode realizarse tamén a través da aplicación admisionaturalumnado (<https://www.edu.xunta.es/admisionaturalumnado>). Así mesmo poderán consultar o estado de tramitación da súa solicitude no mesmo enderezo.
4. O alumnado de sexto curso deste Centro que, de acordo co dito anteriormente, non faga no prazo establecido a reserva de praza correspondente, deberá participar no proceso xeral de admisión como se fose alumnado novo, tendo que presentar cumprimentado no IES da súa preferencia, **do 1 ao 20 de marzo**, o documento que se publica como anexo II da citada Orde do 25 de xaneiro, modelo de impreso que se pode retirar neste Centro.

Brexo-Lema, 1 de febreiro de 2019

A DIRECTORA DO CENTRO